

## **BASES DO CONCURSO PARA O CARTEL ARDE LUCUS 2017**

A Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador do “Arde Lucus 2017” convoca un concurso de deseño gráfico de acordo coas seguintes BASES:

1- Poderá concorrer toda a poboación, con traballos de formato A3 e técnica libre, que deberán ser presentados sobre soporte rixido que facilite a súa exposición.

2- Os deseños deberán reflexar o espírito da festa Arde Lucus, facendo especial fincapé na reconstrución histórica e a volta da cidade a época da súa fundación.

3- Os carteis presentados quedarán en poder do Excmo. Concello de Lugo. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do “Arde Lucus 2017” e, os restantes carteis presentados, serán expostos na Casa da Xuventude e nas redes sociais durante un mes. Unha vez rematada a exposición, terán un prazo de 15 días para ser recollidos polo seu autor/a, pasado ese prazo serán propiedade do Concello de Lugo que decidirá o seu destino.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os/ autores/as renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor/a para incluílo no seu currículo.

4- Os traballos deberán ser presentados en sobre pechado co lema do cartel, sen ningunha forma de identificación. Noutro sobre que levará escrito así mesmo o lema, axuntaranse os datos do/a autor/a, tales como nome, enderezo, e teléfono. Ademais, deberá enviarse unha copia escaneada do DNI ou equivalente e copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.

- Cando as obras presentadas non se axusten ao tema do concurso.

5- Os carteis obrigatoriamente terán que levar o seguintes compoñentes:

- Arde Lucus MMXVII
- Festa de Interese turístico galego
- A páxina web: [www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com)
- A data de celebración: 30 xuño e 1,2 xullo
- Os logotipos das redes sociais: Twitter, Tuenti, Flirck e Facebook.

6- A entrega de orixinais efectuarase na Casa da Xuventude dende a convocatoria ata o 15 de febreiro do 2017. O horario de entrega será de 10.00h a 14.00h e de 16.30h a 21.30h, ou por correo certificado na seguinte dirección: Casa da Xuventude, R/ Xesús Bal e Gay s/n, 27002 LUGO. O último día de admisión de orixinais é o 15 de febreiro, non se admitirán obras que cheguen pasado este día.

7- As obras presentadas serán exhibidas nas redes sociais do Arde Lucus, onde se farán unha votación popular da que resultarán seleccionadas dez obras. Esta votación popular levarase a cabo a través do Facebook oficial do Arde Lucus 2017, onde se publicarán as obras presentadas para que as e os usuarios do Facebook poidan votar polo seu preferido. As dez obras que máis votos reciban resultarán seleccionadas. O prazo para a votación a través do Facebook estará aberto desde as 12:00 horas do 18 de febreiro ata as 12:00 horas do 24 de febreiro. Unha vez feito o recuento de votos, farase pública a selección a través das redes sociais oficiais do Arde Lucus 2016 e da web do Concello de Lugo [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)

8.- O Concello de Lugo seleccionará un xurado formado por tres persoas expertas o cal será o encargado de seleccionar a obra gañadora entre as dez seleccionadas previamente pola votación popular o día 27 de febreiro ás 11.00 horas na Casa da Xuventude.

9.-Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

10.-As e os gañadores dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle ao Concello de Lugo, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas a concurso. A cesión dos ditos dereitos permitiralle ao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida que sexa necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet o calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se estimen convenientes.

11- Os/as participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases. No caso de facerse unha entrega pública o/a gañador/a do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

12- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

13- Establécese un premio o traballo gañador valorado en 1.000€, este importe estará sometido os impostos legais pertinentes.

14- O gañador ou gañadora entregará unha copia do cartel en formato dixital que permita o seu proceso informático.

15.- Calquera incidencia non contemplada nestas bases, será resolta pola organización.

ANEXO I  
DECLARACIÓN XURADA  
CONCURSO DO **CARTEL ARDE LUCUS 2017**  
CONCELLO DE LUGO

DONA/DON .....  
con DNI ..... como autora ou autor da/s obra/s  
titulada/s:

.....  
.....  
.....

DECLARO,

Que o/s cartel/is presentado/s ao concurso son inéditos e da miña  
autoría.

Que non recibiron outros premios ou distincións pola participación  
noutros concursos de similares características.

Que son a/o única/o titular dos dereitos de autor do cartel, e fágome  
responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo ao Concello de  
Lugo da dita responsabilidade.

....., ..... de ..... de 2017